

Actividade Federativa Galega



Clube de Montaña XistrA

XXIII Marcha de Vivac - FGM

Santiago (Rubiás dos Mixtos) - Albite

12 e 13 de xuño de 2010

Vigo, 18 de maio de 2010

Estimados compañeiros:

Dende o Clube de Montaña Xistra desexamos convidaros a XXIII Marcha con Vivac da FGM, que este ano temos a honra de organizar no Xurés.

A Federación porá a disposición dos marchadores un autobús con saída en Vigo ás 8:00 horas do sábado dende a Praza de España, e recollida de participantes en Ourense as 9:00h, cun prezo de 10€/praza.

Desexamos que lle deades a máxima difusión entre os vosos asociados e agardamos a vosa participación nesta interesante actividade.

En breve tamén recibiredes información sobre o Campamento e Marcha Infantil e sobre o Descenso de Barrancos que estamos organizando.

Descrición Xeral:

Actividade federativa galega de marcha con vivac. É un percorrido lineal e de alta montaña galega. A actividade é esixente, e non está prevista a asistencia nin traslado de materiais ata a zona de vivac. Os participantes deberán contar cunha boa preparación e levar todo o necesario para o vivac.

Marcha:

Sábado 12 de xuño:

Autobús en Vigo ás 8h. Saída da marcha dende a Santiago de Rubiás do Mixtos. Subida polo Camiño da Raia, Cabeço Alto, Portela do Grito, Rochão, Alto do Pisco, para facer vivac nas inmediacións do Albergue do Pisco.


Domingo 13 de xuño:

Ascensión ata Portela de Pitoens, As Gralleiras, Fontefria e baixada e remate no refuxio da FGM en Albite. Finalizada a marcha haberá un xantar de confraternización (prezo aproximado de 15€) e regreso en autobús a Ourense e Vigo.

Regulamento:

- 1-. Esta actividade terá lugar os días 12 e 13 de xuño de 2010, na Serra do Xurés (Couto Mixto e Fontefría).
- 2-. Poderán participar unicamente montañeiros federados.
- 3-. Os deportistas deberán ir provistos do material e prendas adecuadas para a actividade incluído o material de acampada e provisións de alimentos e bebida.
- 4-. A Organización só dará asistencia no punto de partida e chegada.
- 5-. As inscricións efectuaranse na F.G.M., ou chamando ó Clube de Montaña XistrA, antes do día 9 de xuño (mércores). Fax da FGM 986207407.
- 6-. Os participantes nesta actividade asumen a aceptación completa deste regulamento. Calquera cuestión ou dúbida será resolta pola Organización, e a súa decisión será de obrigado cumprimento.
- 7-. Os participantes comprométese a seren respectuosos ó máximo co contorno. Queda prohibido totalmente deixar lixo ou residuos.
- 8-. A Organización non se fai responsable de ningún tipo de accidente.
- 9-. SÓ PODERÁN PARTICIPAR ÓS FEDERADOS QUE PRESENTEN CUMPRIMENTADA A FOLLA DE INSCRICIÓN OBRIGATORIA VIXENTE E DISPOÑIBLE NA PÁXINA WEB DA FEDERACIÓN.**

Nota: Esta actividade pódese catalogar de dificultade media.



XXIII Marcha Galega de Vivac

12 e 13 de xuño de 2010

Mapas 1:25000 – 301-IV, 302-III